



Concello do Grove

BASES DAS AXUDAS ECONÓMICAS MUNICIPAIS PARA O PAGO DE COMEDORES ESCOLARES PARA O CURSO ESCOLAR 2026-27

OBXECTIVOS

Asunción polo concello do custo do servizo de comedor escolar no curso escolar 2026/27 nos centros escolares CEIP Valle Inclán, CEIP Rosalía de Castro e CEIP as Bizocas para familias en situación de precariedade económica propostas polos Servizos Sociais e que cumpran os requisitos económicos das presentes bases.

ANTECEDENTES

Na actualidade o comedor escolar do colexio Conmeninho depende directamente da Consellería de Educación, polo que os usuarios deste centro con maiores dificultades económicas poden acollerse a gratuidade do servizo. O do centro Valle Inclán, o do CEIP As Bizocas e o do CEIP Rosalía de Castro continúan a ser xestionados polas ANPAs respectivas. En todos estes últimos casos fanse necesarias as axudas económicas a aquelas situacións familiares de maior precariedade económica para que poidan acceder o mencionado servizo.

BENEFICIARIOS

Familias con menores matriculados desde o 2º ciclo de Educación Infantil ata o último curso de Educación Primaria, que teñan praza concedida nos comedores escolares dos centros mencionados con anterioridade, e nunha situación socioeconómica que non lles permita facer fronte o custo económico de ditas prazas. Estarán exentos do cumprimento destes requisitos económicos os seguintes casos:

- Os alumnos destes cursos que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Os alumnos destes cursos cun grado de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Os alumnos matriculados nos cursos anteriores pertencentes a unidades familiares vítimas de violencia de xénero, acreditada documentalmente.

ORZAMENTO

En anos anteriores o concello fíxose cargo do pago do comedor escolar nestes centros escolares para unha serie de menores cunha situación familiar de precariedade económica, para os que o curso pasado reservouse unha partida de 10.000 euros. Neste curso, a previsión é que o número de posibles usuarios poida incrementarse, polo que igualmente faise necesaria o mantemento da partida dedicada a este concepto, para poder asumir en condicións económicas similares as de anos anteriores, as necesidades destas familias.

Polo tanto establécese o mantemento dos **10.000 euros da partida** para a asunción polo concello **do custo das prazas de comedor escolar dos menores de familias en situación de precariedade económica propostas polos Servizos Sociais** no comedor do CEIP Valle Inclán, do CEIP As Bizocas, e do CEIP Rosalía de Castro ó longo do curso escolar **2026-2027. Esta reserva pode facerse con cargo a partida 231.48000 de Acción Social. Atencións Benéficas.** A estimación é que dos 10.000 euros, 4.000 correspondan o ano 2026 e 6.000 ós meses que van desde xaneiro ata xuño de 2027.

REQUISITOS ECONÓMICOS

Para obtelas axudas, a renda familiar dispoñible dos solicitantes non poderá exceder, en función do número de membros computables da familia, da que a continuación se indica:

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

Considérase que os recursos económicos mensuais para poder acceder as axudas non sexan superiores o 75% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) que para ano 2026 é de 600 €, (7.200 € en 12 mensualidades), incrementándose nun 10% do IPREM por cada membro familiar a partir do segundo.

UNIDADE FAMILIAR	% IPREM	MENSUAL	ANUAL
Unidade familiar de 2 membros	85 % do IPREM	510	6.120
Unidade familiar de 3 membros	95 % do IPREM	570	6.840
Unidade familiar de 4 membros	105 % do IPREM	630	7.560
Unidade familiar de 5 membros	115 % do IPREM	690	8.280
Unidade familiar de 6 membros	125 % do IPREM	750	9.000
Unidade familiar de 7 membros	135 % do IPREM	810	9.720
Unidade familiar de 8 membros	145 % do IPREM	870	10.440

A partir de unidades familiares de 8 membros, o límite económico aumentará no 10% do IPREM por cada membro (unidade familiar de 9 membros 155% do IPREM; unidade familiar de 10 membros 165% do IPREM e así sucesivamente).

- Considéranse membros computables. os conxuxes e os fillos menores de 25 anos, ou maiores desa idade con discapacidade acreditada, que convivan no mesmo domicilio.

- Para o cálculo da renda familiar sumaranse as contías da Base Imponíble Xeral e a Base Imponíble do Aforro da Declaración da Renda do exercicio de 2025.

- No caso de non superar os criterios económicos establecidos no apartado anterior a cantidade aportada polo concello alcanzaría o **100 % do custo do comedor**.

No caso de que os ingresos da unidade familiar estiveran entre os mencionados no apartado anterior e os que aparecen consignados na táboa seguinte, o concello asumiría o pago do **50% do custo do comedor escolar**.

UNIDADE FAMILIAR	% IPREM	MENSUAL	ANUAL
Unidade familiar de 2 membros	110 % do IPREM	660	7.920
Unidade familiar de 3 membros	120 % do IPREM	720	8.640
Unidade familiar de 4 membros	130% do IPREM	780	9.360
Unidade familiar de 5 membros	140% do IPREM	840	10.080
Unidade familiar de 6 membros	150% do IPREM	900	10.800
Unidade familiar de 7 membros	160% do IPREM	960	11.520
Unidade familiar de 8 membros	170% do IPREM	1.020	12.240

Se os ingresos da unidade familiar superasen este segundo nivel o solicitante non podería percibir ningunha axuda do concello para o pago do comedor escolar.

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

CONTÍAS MÁXIMAS DAS AXUDAS

A contía máxima da axuda non poderá superar os 106,70 euros mensuais durante os 10 meses do curso escolar, caso de cumprir os requisitos para ser beneficiario dunha axuda polo 100% do custo da praza.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- Os beneficiarios declararán responsablemente que non están incursos en causa de prohibición do art. 13.2 LGS para obter a condición de beneficiario da subvención.

- Os beneficiarios declararán responsablemente que se atopan o corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (tanto co Estado como coas CCAA e a Administración Local).

Os beneficiarios autorizan o concello de O Grove para solicitar no caso necesario e no seu nome as correspondentes certificacións para acreditar o cumprimento destes deberes.

Os beneficiarios das axudas comprométese a comunicar ao Concello calquera cambio na asistencia do/a seu/súa fillo/a ao comedor escolar.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA AS SOLICITUDES

Os solicitantes das axudas municipais para o pago do comedor escolar terán que presentar no Rexistro do concello ou a través da Sede Electrónica ademais da propia **solicitud**, a seguinte documentación:

- Volante de empadramento familiar.
 - Xustificante de ingresos de todos os membros da unidade familiar (preferentemente Declaración da Renda correspondente o exercicio de 2025).
 - Xustificante de inscrición do/a menor no comedor escolar.
- No caso de ter solicitado as axudas municipais para libros e /ou material escolar para o curso 2026-27, non se necesitará presentar mais que a solicitud e o xustificante da inscrición no comedor escolar no rexistro. En caso negativo haberá que aportar toda a documentación complementaria mencionada anteriormente.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Durante dez días hábiles o seguinte da publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

PUBLICIDADE

Con posterioridade a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, as presentes bases publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello.

NOTA: a empresa que realiza o servizo de catering no comedor escolar do CEIP Rosalía de Castro e no comedor escolar do CEIP Valle Inclán é **GALICIA NA TÚA MESA S.L.** e polo tanto, será esta empresa a que presentará as facturas polo importe da porcentaxe que o concello asuma no caso dos usuarios que teñan as axudas concedidas. Os prezos (co 10% do iva engadido) para as prazas de comedor escolar para o curso 2026-27 facilitados pola empresa son os seguintes:

5 días á semana 106,70 € ; 4 días á semana 99,50 € ; 3 días á semana 82 € ; 2 días á semana 55,80 € ; 1 día á semana 31 € ; días soltos 7,90€. Asimismo, a empresa informa de que, debido ás constantes variacións e ao incremento no custo da compra de mercadorías, é posible que en xaneiro de 2027 se realice unha revisión destas tarifas. Estimase que ditos prezos poidan sufrir unha lixeira variación á alza de entre un 2% e un 5%.

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

SOLICITUDE DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O PAGO DE COMEDORES ESCOLARES CURSO 2026-2027)

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS				DNI	
EN CALIDADE DE		Nº MEMBROS NA UNIDADE FAMILIAR		TELÉFONO	
ENDEREZO					
TEN SOLICITADA AXUDA MUNICIPAL PARA LIBROS E/OU MATERIAL ESCOLAR				SI	NON

MENORES BENEFICIARIOS

NOME E APELIDOS	CENTRO	CURSO

SOLICITA

Dada a situación socio-económica da unidade familiar, solicita unha axuda municipal para o pago do comedor escolar do/a/os/as menor/es mencionado/a/os/as no apartado anterior.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA (*)

Fotocopia do DNI do/a solicitante	
Volante de empadramento familiar	
Xustificante de ingresos familiares de todos os membros da unidade familiar (preferentemente Declaración da Renda 2025)	
Xustificante de inscrición do/a menor no comedor escolar	

(*) No caso de ter presentado solicitude de axudas municipais para libros e /ou material escolar non se necesitará presentar no rexistro mais que esta solicitude e o xustificante de inscrición do/a menor no comedor escolar. En caso negativo haberá que aportar a documentación complementaria mencionada anteriormente.

O Grove, ade de 2026

Sinatura do/a solicitante

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DO GROVE

ANEXO

DECLARACIÓN RESPONSABLE DOS BENEFICIARIOS

D/D^a _____ con DNI nº _____

E con enderezo en _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE

	SI	NON
Non está incurso en ningunha causa de prohibición do art. 13.2 LGS para obter a condición de beneficiario da subvención.	☐	☐
Atópase o corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (tanto co Estado como coas CCAA e a Administración Local).	☐	☐
Autoriza ó concello de O Grove para solicitar no seu nome as correspondentes certificacións para acreditar o cumprimento destes deberes.	☐	☐
Comunicará o Concello calquera variación na situación de asistencia do seu /súa fillo/a ó comedor escolar.	☐	☐

Sinatura do solicitante

O Grove, de de 2026

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 5MM6RJDPF7YX4FN69ZLMEKY3Y
Corrección: <https://concelloogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5